

The background features a teal color palette with horizontal wavy lines of varying shades. Scattered throughout are white stars and dots of different sizes, some with four-pointed star shapes and others as simple circles.

RE-MAR



custodia ambiental para a redución
de residuos no espazo mariño protexido
das Rías Baixas

Coñece o noso proxecto

Este proxecto, promovido pola **Asociación Amicos**, xunto co **Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**, en condición de socio, conta coa colaboración da **Fundación Biodiversidade**, do **Ministerio para a Transformación Ecolóxica**, a través do **Programa Preamar**, cofinanciado polo **FEMP**.

Este proxecto é complementario ao proxecto **LIFE IP INTERMARES**.

REMAR es un proxecto colaborativo que emprega a conciencia cidadá en colaboración co sector pesqueiro na procura dun modelo de desenvolvemento inclusivo baseado na conservación do entorno natural e mariño dentro da área de influencia do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Cales son os obxectivos de RE-MAR?

- Fomentar a participación cidadá e traballar na concienciación sobre a necesidade de reducir os residuos e conservar e protexer o patrimonio natural marítimo terrestre das Rías Baixas.
- Reducir os residuos mariños mediante a súa recollida e tratamento, prestando especial atención ás actuacións de prevención referentes á súa xeración.
- Procurar a inclusión social das persoas con discapacidade intelectual, visibilizando a súa labor como guías ambientais dentro do proxecto.



Actividades que contempla o proxecto

1. Accións de recollida de lixos mariños polo mar e a costa. confrarías, empresas do sector pesqueiro, colexios/institutos.
2. Consolidar a Rede de colaboración para a prevención, recollida e eliminación de residuos.
3. Posta en marcha un modelo de sensibilización ambiental accesible.
 - a. Deseño dunha guía de sensibilización e educación ambiental accesible para fomentar a participación cidadá na conservación do espazo protexido marítimo-terrestre das Rías Baixas. Incorporación de novas funcións á app de RE-MAR (xogos dixitais, fichas de traballo...) Formación en colexios e institutos sobre a utilización da app e en materia de prevención de residuos e conservación de especies vulnerables. Xornada "Merenda sen plásticos".
4. Difusión
 - a. Creación dun storytelling para sensibilizar sobre a prevención na xeración de residuos e a conservación dos espazos marítimo-terrestre protexido das Rías Baixas.
 - b. Accións de difusión



custodia ambiental para a redución
de residuos no espazo mariño protexido
das Rías Baixas



Botalle un ollada ao video

Vídeo de sensibilización de pescadores e pescadoras de RE-MAR II, José Antonio Fernández, Director do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e Javier Remiro de Fundación Biodiversidade. sobre a prevención na xeración de residuos e a conservación dos espazos marítimo-terrestre protexido das Rías Baixas.

Convidámosche a participar nas iniciativas de RE-MAR!

Descarga a app cidadá para colaborar na xeolocalización de lixos mariños, puntos de contaminación e aves ameazadas.



Descarga
para Android



Descarga
para Ios

